REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 09.03.2017 Hora: 16:00

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
01 MAR. 2017
Núm. 1732

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 9 de marzo de 2017, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

1.1 3227 (10/POC-000531)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as xestións e actuacións levadas a cabo polo Goberno galego, así como as medidas adoptadas, para o efectivo cumprimento do establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais, e a existencia dalgún proxecto para o seu desenvolvemento regulamentario e o seu proceso de elaboración
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

1.2 3299 (10/POC-000547)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento da convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral na Comunidade Autónoma de Galicia en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, e en particular as de socorrismo, así como as previsións respecto da realización dunha nova convocatoria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 54, do 27.01.2017

1.3 3316 (10/POC-000553)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo polo Goberno

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
01 MAR. 2017
Núm. 1732

galego nos novos medicamentos e o custo dos novos fármacos para a hepatite C e o cancro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 54, do 27.01.2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 54, do 27.01.2017

1.4 4115 (10/POC-000706)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso a una traballadora por parte da empresa de transporte colectivo de viaxeiros Hedegasa, S. L.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

1.5 4712 (10/POC-000813)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas repetidas situacións de saturación producidas no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, a consecuencia do pico da gripe, e as súas previsións respecto da elaboración dun plan de continxencias cara ao futuro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.6 5096 (10/POC-000877)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis
Sobre os proxectos de mellora que se están a desenvolver en relación coa Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

1.7 5276 (10/POC-000908)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre o control levado a cabo polo Goberno galego en relación co cumprimento pola empresa adxudicataria dos termos do contrato do servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia asinado no ano 2014 e as razóns das modificacións introducidas nel e das súas diferentes prórrogas, así como as súas previsións respecto da

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
01 MAR. 2017
Núm. 1732

paralización da licitación do novo concurso
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 01/03/2017 12:59:15

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 09.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 09.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.1 3227(10/POC-000531)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as xestións e actuacións levadas a cabo polo Goberno galego, así como as medidas adoptadas, para o efectivo cumprimento do establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais, e a existencia dalgún proxecto para o seu desenvolvemento regulamentario e o seu proceso de elaboración

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:50
Nº Rexistro: 3227
Data envio: 12/01/2017 13:50:35.015

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, publicada no DOG 79 do 25 de abril de 2014, establece que a Xunta de Galicia ditará as disposicións necesarias para o se desenvolvemento. Trátase da primeira norma dunha comunidade autónoma que ampara a diversidade sexual e establece medidas concretas para protexer as distintas manifestacións da sexualidade.

A Lei parte da premisa de que a sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. Así, o texto normativo persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación das persoas por razóns de orientación sexual e identidade de xénero, eliminando calquera indicio de desigualdade que se poida apreciar no campo do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo.
Tamén impón aos poderes públicos de Galicia o establecemento dun diálogo fluído e unha colaboración coas entidades LGTBI. Para estes fins, a garantía de que poderán concorrer ás convocatorias de axudas e subvencións coincidentes cos seus fins tamén resulta decisiva. E, como manifestación deste apoio, o texto tamén compromete a actuación das administracións públicas galegas mediante a posta en marcha de campañas de divulgación de accións e de impulso do asociacionismo LGTBI, co obxecto de que toda a sociedade poida participar nas súas actividades e programas. Ademais, todo o citado acompáñase de medidas específicas de concienciación e sensibilización social en temas como a igualdade, a dignidade e o respecto das persoas con independencia da súa orientación ou da súa identidade sexual.

A partir destes mandatos xerais, entra a regular medidas máis específicas, nos seguintes ámbitos: policial e de xustiza, laboral, familiar, de saúde, de educación, cultura e lecer, deporte, mocidade e comunicación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:50
Nº Rexistro: 3227
Data envio: 12/01/2017 13:50:35.015

No que incumbe ás medidas laborais, encarga ao organismo con competencias en materia de traballo que elabore programas de información e divulgación normativa, dirixidos aos axentes públicos e privados das relacións laborais; e que incorporen nos seus plans de formación materiais sobre igualdade que favorezan a inclusión con independencia da orientación ou da identidade sexual. Así mesmo, compromete á Administración autonómica para a realización dun estudo sobre a situación laboral e medidas a adoptar en relación con estes colectivos, para a súa plena incorporación ao mercado de traballo, á vez que a insta a poñer en marcha mecanismos de información e avaliación periódica.

A Lei encarga á consellería competente que promova, en colaboración coas partes sociais, un protocolo de igualdade e de boas prácticas para as relacións laborais. Por outra banda, encomenda ao Executivo autonómico a que inste as organizacións sindicais e empresariais a impulsar medidas inclusivas das persoas LGTBI nos convenios colectivos "de todos os sectores laborais", a informar sobre a normativa en materia de discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, a promover os dereitos e a visibilidade destas nos centros de traballo e a tratar de modo específico a discriminación múltiple, de modo que se incentive a súa contratación.

Impón, como regra de principio, a imposibilidade de que existan excepcións por criterios profesionais determinantes homologables á excepción de boa fe ocupacional.

En canto ás medidas no ámbito da familia, considera a unidade conformada ou integrada por persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Faise especial mención aos dereitos en materia de adopción, para esixir a garantía de que nos procesos se descarte calquera tipo de discriminación por motivos de orientación sexual ou de identidade de xénero.

Temos que significar, por último, a importancia do resto das medidas de información e promoción da igualdade, en especial entre os colectivos especialmente vulnerables así como os apoios ás vítimas da discriminación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:50
Nº Rexistro: 3227
Data envio: 12/01/2017 13:50:35.015

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A pesar do compromiso político que supón a aprobación desta lei impulsada polos socialistas e que non contou con ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, o certo é que a cotío nos atopamos con graves problemas de discriminación polo feito de ser LGTBI para moitas persoas, na súa relación coas administracións públicas, no ámbito educativo, sanitario, na rúa, nos xulgados ou nos medios de comunicación.

A piques de se celebrar o terceiro aniversario da súa promulgación non coñecemos ningún proxecto do seu desenvolvemento regulamentario nin actuacións políticas do Goberno galego que amosen o máis mínimo interese en impulsala.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que xestións está realizando o Goberno galego para o cumprimento efectivo do establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de LGTBI?

2ª) Mantén a Xunta de Galicia un diálogo fluído coas entidades LGTBI?

3ª) Que medidas específicas de concienciación e sensibilización social en temas como a igualdade, a dignidade e o respecto das persoas con independencia da súa orientación ou da súa identidade sexual, puxo en marcha ao Goberno galego dende a aprobación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de LGTBI?

4ª) No que incumbe ás medidas laborais, que programas de información e divulgación normativa, dirixidos aos axentes públicos e privados das relacións laborais, elaborou a Xunta de Galicia dende a posta en marcha da lei?

5ª) Existe algún proxecto de desenvolvemento regulamentario desta lei?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:50
Nº Rexistro: 3227
Data envio: 12/01/2017 13:50:35.015

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

6ª) En caso de que exista algún proxecto de desenvolvemento regulamentario, en qué consiste?

7ª) Está aberto algún proceso de diálogo e participación das persoas LGTBI e outras institucións, como os concellos, para o desenvolvemento desta lei?

8ª) En caso de que estea aberto algún proceso de diálogo e participación das persoas LGTBI e outras institucións para o desenvolvemento desta norma, a través de que órganos ou organizacións?

9ª) Cando considera o Goberno galego que estarán preparadas as disposicións regulamentarias que permitan a implementación efectiva desta lei?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/01/2017 13:34:37

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2017 13:34:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 09.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.2 3299(10/POC-000547)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento da convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral na Comunidade Autónoma de Galicia en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, e en particular as de socorrismo, así como as previsións respecto da realización dunha nova convocatoria

Publicación da iniciativa, 54, 27.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:29
Nº Rexistro: 3299
Data envio: 13/01/2017 13:29:03.050

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión**, relativa á convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, publicou unha orde no DOG (Diario Oficial de Galicia) do 11 de xaneiro de 2016, pola que se realiza a convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, entre as que se atopan as cualificacións profesionais de socorrismo. Traballadores desta profesión denuncian, entre outras cousas, a dificultade para poder acudir as reunións ou probas que forman parte do procedemento, a arbitrariedade dos criterios e requisitos que se piden, variando en función da persoa que leve a cabo a avaliación así como unha falta total de información. De ser certo, isto supón unha falta de respecto aos principios que rexen as disposicións normativas tales como o respecto dos dereitos individuais, a fiabilidade, obxectividade ou calidade e coordinación.

Todo isto coa repercusión negativa de perda de traballo para todas aquelas persoas que non superen o procedemento ou aínda non puidesen acceder ás

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:29
Nº Rexistro: 3299
Data envio: 13/01/2017 13:29:03.050

convocatorias, dado o número limitado de prazas nas listas. O que produce unha vulneración dos fins do procedemento que se recollen no R.D 1224/20009 do 17 de Xullo do que trae consecuencia a orde de convocatoria, ao seren estes facilitar tanto a inserción e integración laboral como a progresión persoal e profesional. Por todo o anterior, En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Cal foi o proceso levado a cabo para escoller as persoas encargadas da avaliación e asesoramento no procedemento?

2.- Existe un listado público de ditas persoas?

3.- Son públicos os criterios empregados nas probas para o recoñecemento das competencias profesionais de socorristas?

4.- Cales son os criterios empregados?

5.-Ten previsto a Xunta realizar outra convocatoria para as persoas que non puideron acceder ás listas ou non pasaron todas as probas?

6.- Ten elaborado a Xunta un informe sobre o desenvolvemento do procedemento tal e como se dispón no artigo 24 da orde do 29 de decembro de 2015?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:29
Nº Rexistro: 3299
Data envio: 13/01/2017 13:29:03.050

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Eva Solla Fernández na data 13/01/2017 13:21:50

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 09.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.3 3316(10/POC-000553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo polo Goberno galego nos novos medicamentos e o custo dos novos fármacos para a hepatite C e o cancro

Publicación da iniciativa, 54, 27.01.2017

Publicación da iniciativa, 54, 27.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3316
Data envio: 13/01/2017 14:17:19.863

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao aumento do gasto en produtos farmacéuticos e material sanitario.

Cada ano se produce un aumento significativo do gasto en produtos farmacéuticos especializados e como cada ano nunca contestan en qué se producen eses aumentos de gasto e de qué medicamentos se tratan.

Dende o 2009 o aumento do gasto en farmacia hospitalaria é de case un 70%. Solo no gasto de 2016 respecto ao dos orzamentos de 2017 se producen un aumento de gasto de de mais dun 31%, o que supón mais de 79 millóns de euros de aumento só respecto ao ano pasado.

Novamente, na pasada comparecencia do Conselleiro de Sanidade no marco dos orzamentos de 2017, ante a pregunta sobre esta partida de gasto, nos atopamos outra vez cunha resposta ambigua que fai referencia a novos tratamentos en xeral pero non especifica de qué tratamentos se trata ou canto custan.

Si ben é certo que o aumento en máis de 79 millóns respecto ao ano pasado supón un aumento moi significativo, este contradí as declaracións feitas polo Presidente da Xunta en relación ao gasto levado a cabo nos medicamentos da Hepatite C, gasto que concretou en 130 millóns.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3316
Data envio: 13/01/2017 14:17:19.863

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante as incoherencias nas declaracións do Goberno e a falta de concreción neste investimento, En Marea formula as seguintes preguntas para o súa resposta oral en Comisión 5ª:

1.ª) En que novos medicamentos se investiu respecto ao ano anterior?

2.ª) Canto é o custe dos novos fármacos para a Hepatite C?

3.ª) Canto é o custe dos novos fármacos para o cancro?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/01/2017 14:08:24

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 09.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.4 4115(10/POC-000706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso a una traballadora por parte da empresa de transporte colectivo de viaxeiros Hedegasa, S. L.

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:06
Nº Rexistro: 4115
Data envio: 26/01/2017 17:06:48.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso a unha traballadora por parte da empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA, S.L.

A empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA, S.L. "acredita" un extenso historial de condenas por acoso laboral, mobbing e danos morais a unha traballadora.

Desde o ano 2009, logo dunha embarazo de alto risco e petición de redución de xornada para o coidado dunha filla, que foi denegada ilegalmente pola empresa, encétase unha situación de fustigamento e acoso contra unha muller traballadora, que foi amparada en diversas ocasións polos xulgados do social, a inspección de traballo, alén do apoio e respaldo sindical e a solidariedade expresada por multitude de traballadoras e traballadores.

Dita empresa foi condenada en 2010 por despedimento nulo por vulneración de dereitos fundamentais. Esa condena levou aparellada unha indemnización por danos morais, ademais da readmisión da traballadora a comezos de 2011. Porén, no canto de respectar os dereitos laborais e acatar as

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:06
Nº Rexistro: 4115
Data envio: 26/01/2017 17:06:48.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resolución xudiciais, a empresa persistiu en imporlle condicións de traballo discriminatorias, que remataron coa intervención da Inspección de Traballo, levantando unha acta onde describiu a actuación empresarial como "mobbing, psicoterrorismo, hostigamento ou acoso laboral", cualificándoa como infracción laboral moi grave, o cal desencadeou unha condena de novo por vulneración de dereitos fundamentais que ademais impuxo á empresa unha indemnización de 10.000 euros en compensación dos danos causados á traballadora.

Hai apenas un mes, a empresa volveu a emprender actuacións inxustas e opresivas contra a traballadora, ao instar á administración competente en materia de tráfico a suspensión cautelar las licenzas de condución e, con iso, acordar a suspensión do contrato de traballo, sen ningún tipo de compensación nin acceso a prestación.

Nestes intres, tamén temos coñecemento dunha petición de investigación penal, con imposición de penas de cárcere, para a as persoas directamente responsábeis do abuso e acoso que vén padecendo a traballadora, que está pendente da decisión do xulgado.

A empresa de transporte HEDEGASA, SL desenvolve a súa actividade no ámbito do transporte colectivo de viaxeiros, sendo concesionaria de liñas de transporte regular colectivo, alén de contratista da administración educativa para o transporte de alumnado a centros públicos neste concello e na comarca de Compostela.

A normativa vixente en materia de transporte define o transporte colectivo regular de viaxeiros como un servizo público, titularidade das administracións e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:06
Nº Rexistro: 4115
Data envio: 26/01/2017 17:06:48.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que pode ser prestado en réxime de concesión por empresas de transporte. Polo tanto, HEDEGASA, SL desenvolve e executa unha actividade pública, ao xestionar unha liña de transporte que forma parte dun sistema de transporte público, que ademais está integrado nun sistema metropolitano de conexións regulares de transporte que ten financiamento da administración galega e local.

O Goberno galego non pode ser alleo a esta situación, onde unha persoa traballadora dunha empresa concesionaria dun servizo público que empregan miles de veciñas e veciños, sofre un acoso ilegal e insolente por parte de responsábeis empresariais. Non é simplemente unha desprezábel actitude que mereza a corrección por parte de autoridades laborais, como xa está a acontecer, senón que é a constatación de trato desconsiderado, irrespectuoso, ofensivo a unha empregada que desenvolve o seu traballo no eido dun servizo público.

A Xunta de Galiza non poden tolerar que se manteña esta lamentábel actitude empresarial e ten a obriga de instar a que se respecten os máis elementais dereitos fundamentais, a lexislación laboral, e sobre todo a dignidade humana.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión 5ª:

-Que opinión lle merece á Secretaría Xeral de Igualdade que unha empresas de transporte colectivo de viaxeiros, que xestionan baixo concesión administrativa, non respecten a igualdade nas relacións laborais e leven a cabo prácticas de acoso, machismo e discriminación?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:06
Nº Rexistro: 4115
Data envio: 26/01/2017 17:06:48.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É coñecedora a Secretaria Xeral de Igualdade da situación de discriminación por razón de xénero e acoso á que está sometida unha traballadora por parte da empresa de transporte de viaxeiros HEDEGASA, S.L?

-Que actuacións vai a realizar diante desta situación?

-Vai esixir o cumprimento da legalidade en materia laboral e de igualdade de xénero nos servizos públicos concesionados a HEDEGASA,SL.?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2017 17:02:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:06
Nº Rexistro: 4115
Data envio: 26/01/2017 17:06:48.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2017 17:02:56

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2017 17:03:01

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2017 17:03:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/01/2017 17:03:06

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2017 17:03:08

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 09.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.5 4712(10/POC-000813)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas repetidas situacións de saturación producidas no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, a consecuencia do pico da gripe, e as súas previsións respecto da elaboración dun plan de continxencias cara ao futuro

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 4712
Data envio: 07/02/2017 19:28:32.035

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A chegada do inverno tende a provocar anualmente unha epidemia de gripe en Galicia, que xera unha afluencia maior do habitual aos centros de saúde e centros hospitalarios. A limitación de recursos, persoais e materiais, que hoxe sofren os servizos sanitarios provocan que calquera situación de estrés asistencial xere problemas loxísticos, organizativos e de eficiencia dos servizos.

No inicio do mes de xaneiro, a saturación do Servizo de Urxencias que se produciu no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) xerou situacións caóticas, que produciron largas esperas dos e das pacientes en salas, en camas acumuladas nos corredores e con agardas para hospitalización de ata 20 horas ("Una guardia muy dura", La Voz de Galicia, 02.01.2017). Os e as profesionais achacan a situación á falta de persoal, que reduce a capacidade de atención, e á falta de recursos materiais e a súa posta en funcionamento (ausencia de camas, redución de espazos útiles …). As deficiencias xerais na xestión dos centros hospitalarios, que unicamente se suplen co esforzo extra dos e das profesionais do sistema sanitario.

No Pleno do Parlamento de Galicia do 24 de xaneiro deste mesmo ano, o Grupo Socialista presentou a debate unha iniciativa formulando a implementación de recursos para solventar os problemas de saturación, e solicitando informes das xerencias das áreas sanitarias sobre as previsións ante o esperado pico da gripe e sobre a eficiencia resultante dos plans de continxencias. Nesta iniciativa se pretendía coñecer se existiran previsións que reprogramaran intervencións cirúrxicas que liberaran camas para facilitar os ingresos hospitalarios previstos, se se activaron todos os recursos persoais a disposición, se houbo reforzo especial do servizo de urxencias e do servizo de pneumoloxía, así como outras medidas posibles que se puideron ter considerado. A proposición foi rexeitada co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 4712
Data envio: 07/02/2017 19:28:32.035

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A situación asistencial do CHUAC volveu a estar en entredito pola saturación de urxencias nos últimos días, froito dos mesmos problemas sinalados xa con motivo do pico da gripe de inicios de xaneiro. O número de urxencias ten superado as 400 en varios días, e o índice de hospitalización elevouse por riba do 20 %, superando en 4 % os datos no mesmo mes do ano pasado. A situación límite forzou a medidas novamente extraordinarias como a ampliación de camas por habitación, ou abrir espazos novos noutras plantas hospitalarias. As medidas tomadas naquel momento foron extemporáneas e moi limitadas, non conquerindo ningunha mellora estrutural para os servizos do centro. A situación actual repítese con respecto á que foi xa denunciada polos e polas profesionais e pacientes, e, polo tanto, a problemática segue sendo a mesma, e a capacidade de resposta ante os problemas asistenciais, segue sendo igual.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o Goberno galego as situacións repetidas de saturación dos servizos de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña?
2. Considera a Xunta de Galicia que os problemas de saturación do CHUAC se deben a problemas circunstanciais ou teñen motivación no déficit de recursos materiais e persoais reclamados polos e polas profesionais?
3. Ten previsto o Goberno galego elaborar un plan de continxencia ante as previsibles novas saturacións de urxencias en futuras ocasións?
4. Considera o Goberno galego que é positivo que as xerencias das áreas sanitarias non informen dos plans de medidas de previsión ante as saturacións e acumulacións de pacientes?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 4712
Data envio: 07/02/2017 19:28:32.035

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/02/2017 19:22:25

Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2017 19:22:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2017 19:22:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 19:22:41

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 09.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.6 5096(10/POC-000877)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis

Sobre os proxectos de mellora que se están a desenvolver en relación coa Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:29
Nº Rexistro: 5096
Data envio: 13/02/2017 18:29:04.228

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e **Soraya Salorio Porral,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

No decreto 142/15 creouse a AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ORGANOS E TECIDOS, que ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas coa doazón e o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, e o procesamento e almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas humanas con fins diagnósticos, terapéuticos e de investigación.

Esta axencia asumiu as competencias e medios da Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia, e da Oficina de coordinación de transplantes de Galicia, quedando adscrita funcionalmente á Axencia a Unidade de Criobioloxía-Establecemento de Tecidos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Temos coñecido nas últimas datas a implantación de novos proxectos en relación coa mellora da xestión da actividade desta axencia.

Por todo elo, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que proxectos de mellora estanse a desenvolver en relación coa Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/02/2017 18:19:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/02/2017 18:19:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:29
Nº Rexistro: 5096
Data envio: 13/02/2017 18:29:04.228

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/02/2017 18:19:54

Marta Rodriguez Arias na data 13/02/2017 18:20:01

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/02/2017 18:20:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/02/2017 18:20:21

María Soraya Salorio Porral na data 13/02/2017 18:20:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 09.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.7 5276(10/POC-000908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre o control levado a cabo polo Goberno galego en relación co cumprimento pola empresa adxudicataria dos termos do contrato do servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia asinado no ano 2014 e as razóns das modificacións introducidas nel e das súas diferentes prórrogas, así como as súas previsións respecto da paralización da licitación do novo concurso

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:13
Nº Rexistro: 5276
Data envio: 16/02/2017 18:13:04.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación do contrato do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza.

O Comité de Empresa de Compostela de Grupo Norte-Limpeza da Xunta de Galiza, puxéronse en contacto co Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego para facernos chegar toda unha serie de irregularidades que teñen apreciado na licitación do Servizo de Limpeza da Xunta de Galiza.

Con data 31 de outubro de 2014 a Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asina o contrato de adxudicación do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza á empresa Limpezas Pisuerga Grupo Norte S.A. LIMPISA. A vixencia do contrato establécese por un período de un ano, entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de outubro de 2015. Este contrato foi obxecto de diferentes modificacións, a primeira xa se realizou no mesmo mes da adxudicación do contrato, outubro 2014, a seguintes foron: decembro 2014, febreiro 2015, setembro 2015 e maio 2016.

Estas modificacións foron acompañadas tamén de diferentes prórrogas do contrato: 1 de novembro 2015 a 30 de abril de 2016, 1 de maio 2016 a 31 de outubro 2016, 1 de novembro 2016 a 30 de novembro de 2016 e do 1 de decembro de 2016 a 30 de abril de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:13
Nº Rexistro: 5276
Data envio: 16/02/2017 18:13:04.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os representantes sindicais denuncian que son moitas as irregularidades detectadas no cumprimento do contrato, mantemento do número de traballadores/as establecido, substitucións, diferenza entre as contías cobradas e as oficiais, persoal que aparece no contrato e na relación de postos de traballo que ninguén coñece, persoal con antigüidade recoñecida que non aparece no cadro de persoal poucos meses antes, pluses de cuantías moi relevantes que non se corresponden co establecido en convenio…

Denuncia tamén o Comité de Empresa que a Administración, non só non estivo a velar polo cumprimento do contrato, senón que se lle ten denegado sistematicamente a documentación do concurso, a pesares de tela solicitado en varias ocasións.

Lonxe de clarificar a situación, a Xunta de Galiza facía público o 3 de xaneiro o novo concurso para a adxudicación do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza, nun claro exercicio de irresponsabilidade, constatada no feito de que a escasos días de rematar o prazo para presentar as ofertas sigue sen haber información clara de cal é o número de traballadores/as, dereitos recoñecidos, persoal que ten que ser subrogado… Información toda ela relevante para as empresas que teñan interese en presentar ofertas.

Diante desta situación formúlanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión 5ª:

-Que control ten realizado a Xunta de Galiza do cumprimento do contrato do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza á empresa Limpezas Pisuerga Grupo Norte S.A. LIMPISA, hoxe Grupo Norte Agrupación Empresarial de Servicios, S.L ?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:13
Nº Rexistro: 5276
Data envio: 16/02/2017 18:13:04.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a razón da negativa constante por parte da Xunta a facilitar a información dos datos das ofertas técnicas e económicas á presidenta do Comité de Empresa?

-Coida que poden @s traballadores/as defender os seus dereitos sin coñecer as condicións do contrato?

-Vai proceder á paralización da licitación do contrato, tal como demanda o Comité de Empresa?

-Cal é a razón de que nun período de pouco máis de dous anos se realicen cinco modificacións ao contrato inicial e 4 prórrogas?

-Coida o Goberno galego, que coa situación descrita, unha empresa que teña intención de presentarse ao concurso, ten a información certeira e precisa?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:13
Nº Rexistro: 5276
Data envio: 16/02/2017 18:13:04.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 16/02/2017 18:08:32

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2017 18:08:37

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2017 18:08:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/02/2017 18:08:44

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2017 18:08:48

Ana Pontón Mondelo na data 16/02/2017 18:08:51